



A Plataforma SOS Sanidade Pública chama a toda a poboación galega a apoiar a folga dos traballadores sanitarios contra os recortes, os copagos e a privatización da sanidade pública galega.

A Xunta de Galicia está desmantelando e privatizando os servizos sanitarios públicos, repartindo as parcelas máis atractivas económicamente entre grupos empresariais afíns, aseguradoras, multinacionais, fondos de investimento, bancos e construtoras.

Esta política está poñendo barreiras ao acceso da poboación aos servizos asistenciais obrigando a pagar os medicamentos aos/ás pensionistas, aos/ás pacientes tratados/as nos hospitais por enfermidades graves como o cancro, o mesmo que as próteses, ambulancias ou alimentos especiais.

Coa coartada de reducir gasto público a Xunta de Galicia está afogando a sanidade pública, poñendo en serias dificultades a atención sanitaria necesaria.

Chegou o momento de articular unha grande alianza entre poboación e traballadores/as da sanidade en defensa dunha sanidade pública de calidade e por recuperar o dereito a unha sanidade pública universal accesible e de calidade.

Se os/as afectados/as, que somos a maioría social e profesional, non reaccionamos de xeito urxente, dentro de pouco o desmantelamento e privatización da sanidade pública será irreversible xa que o Ministerio empezou o camiño para transformar as Áreas de Xestión Clínica dos centros de saúde e hospitais en microempresas.

O martes día 10 de decembro debemos saír manifestarnos en toda Galicia (na Coruña sae ás 8 da tarde da Casa do Mar), xunto cos traballadores e traballadoras da sanidade en folga, pola defensa da sanidade pública.

Non ás privatizacións Non aos copagos Non aos recortes

Por unhas condicións laborais dignas do persoal da sanidade

Polo acceso universal á sanidade

Pola gratuidade das prestacións

MANIFESTACIÓN EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA

MARTES 10 DE DECEMBRO ÁS 8 DA TARDE. SAÍDA DESDE A CASA DO MAR

A CORUÑA